

AUTOR

Agustín Fernández Paz

ILUSTRADOR

Puño (David Peña)

TEMAS

Interculturalidade. Solidariedade e xustiza. Amizade. Familia. Dereitos humanos. Imaxinación e creatividade. Inmigración

COMPETENCIAS

Persoal, social e de aprender a aprender. Plurilingüe

RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS

Educación Artística (Plástica)

N.º DE PÁXINAS: 88



# O meu nome é Skywalker

*Os invisibles*

## POR QUE LER ESTE LIBRO

Porque, con moita tenrura e sinxeleza, a historia nos invita a reflexionar sobre o drama que supón a vida das persoas que habitan na rúa e a revisar a nosa visión do seu mundo.

## RESUMO DO ARGUMENTO

Hai un home estraño fronte ao supermercado. Aínda que leva un cartel no que pide esmola, a Raquel non a engana: trátase dun extraterrestre que pasa inadvertido porque é invisible. O home e a nena principian unha relación que, con moita sensibilidade, amosa o duro mundo das persoas que viven na rúa e dos inmigrantes. Os camiños da nena e do home sepáranse cando Skywalker parte «ao seu planeta», un novo lugar no que comezar de cero.

## PARA QUEN É ESTE LIBRO

Para lectores aos que lles gustan os textos breves e de fácil comprensión. A narración é axeitada para todo tipo de nenos e nenas, e tamén os fará pensar sobre a crúa realidade das persoas sen fogar que viven ao noso redor.

## PROPOSTA DE ACTIVIDADES

### INDIVIDUAL

Para comprobar se os teus alumnos diferencian ben entre a realidade e a explicación que dá Raquel, pídelles que fagan dous breves **resumos** da historia: un coma se fosen Raquel, e outro coma se fosen Skywalker.

### GRUPO

Comentade todos xuntos a **actitude de Skywalker** a partir dalgunhas preguntas:

- Cal é a su primeira reacción cando Raquel se achega a el?
- E despois?
- Por que afirma en certo momento (e falando en serio) que el «é invisible»?
- Por que «mente» acerca da súa orixe?
- Por que di que dorme na Lúa?
- Onde vai realmente cando di que volve ao seu planeta?

### GRUPO

Organiza os teus alumnos en varios grupos e pídelles que procuren información sobre as **persoas sen fogar** para coñecer, sobre todo, as causas da súa situación. Poden atopar datos, en castelán, en [www.e-sm.net/sinhogarismo](http://www.e-sm.net/sinhogarismo).

Despois, ánimoos a pensar en iniciativas para poñer o seu propio gran de area. Por exemplo, a fundación Hogar Sí ([http://www.e-sm.net/hogar\\_si](http://www.e-sm.net/hogar_si)) ofrece diferentes tipos de colaboración co fin de acabar co senfogarismo.

### EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)

Proponlles aos teus alumnos que plasmen nun **debuxo, unha colaxe ou unha fotografía** o que observan a través da súa ventá ou tras a mira da porta da súa casa. Para iso, cómpre que pasen algún tempo observando con atención e sacando conclusións sobre o que cambia e o que se repite. Por último, podedes celebrar unha pequena mostra artística con todos os traballos.

## TALLER DE ESCRITURA

Amósalles aos teus alumnos tres fotografías de diferentes persoas (pode ser dun famoso, de alguén do seu contorno ou, simplemente, unha imaxe recortada dun libro, revista ou xornal) e pregúntalles se algunha vez xogaron a «**ler a mente**». A dinámica é simple: deberán escoller unha foto e escribir os pensamentos e emocións do seu protagonista en primeira persoa, coma se fosen os protagonistas da imaxe que elixiron.